



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de agosto de 2017 ata o 11 de agosto de 2021

Que o obxecto do instrumento convencional é regular un programa de prácticas académicas externas entre a Universidade de Vigo e a Consellería do Mar para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado en áreas operativas da consellería relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: Que o interese de ambas as entidades é facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

